

Medida perfección

A VIAXE DE GAGARIN

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Edicións Xerais | 2014 | 276 páxinas

Que Agustín Fernández Paz dea ao prelo unha nova viaxe literaria é sempre un acontecemento. O autor, felizmente convertido en clásico vivo, arrastra canda si milleiros de lectoras e lectores, non só sen perder parte fundamental da súa poética, senón aprofundando cada vez máis nela. Non é de estrañar pois, que como xa ocorrera coa súa obra anterior, *Non hai noite tan longa* (2011), Xerais volva apostar por colocar unha novela de formación coma esta na colección “Narrativa”. Os *agustinianos* e *agustinianas primixenios*, as que fomos formadas no galego literario en boa parte grazas a moitos dos seus



textos, estamos xa nos trinta e iso fai-nos un grupo interesante que, aínda que sería en parte reticente (como é o caso da maioría do mal chamado público lector “adulto”) a mergullarse nunha colección xuvenil como ‘Fóra de Xogo’, dubidará moito menos a tentalo na serie “morada”, o referente fundamental da editora. Polo tanto, primeiro acerto para o que será (prognóstico) un dos libros en galego máis vendidos do ano.

O título, *A viaxe de Gagarin*, e a cuberta da obra, coa imaxe do cosmonauta ruso, permiten albiscar xa unha das “marcas da casa” do autor: a querenza por colocar ou referenciar vencellado á trama principal un personaxe histórico do seu gusto (da mesma maneira que ocorría con Rosa Parks na súa anterior novela). Neste sentido, Iuri Gagarin representa un soño colectivo practicamente impensable nos anos sesenta: que o home poida viaxar ao espazo. Miguel, o mozo protagonista, fillo duns pais militantes do Partido Comunista, alcumado Gagarin dende a escola por gañar un premio cunha redacción protagonizada polo astronauta, representa outro ideal compartido por moitas persoas na España dos sesenta: que as liberdades e as escollas fosen as mesmas para todo o mundo. El, non obstante, non o sabe. Porque ao tempo que comeza a carreira espacial, comeza tamén a madurez de Miguel, que pouco e pouco irá sendo consciente das inxustizas

que sofre a súa familia —coma moitas outras— por mor das súas ideas políticas. Na súa particular fiestra aberta á vida adulta confluirán as actividades clandestinas de seus pais, así como tamén o primeiro namoramento, personificado na personaxe de Francesca. Un amor que, ademais, terá connotacións shakesperianas: filla dun temido xuíz de operacións especiais, a súa familia representa o poder do réxime, a represión, a tan nomeada contención da moral franquista. Direino parafraseando outra das máis coñecidas obras de Fernández Paz: no fondo esta novela vén demostrar que, ao final, “o único que queda é o amor”. Porque curiosamente, nun texto literario onde destaca personaxes interesantísimos (unha *precuela* merecería, sen ningunha dúbida, Euclides, amigo da familia de Miguel, impresor e escritor de novelas populares co pseudónimo de Duncan McCarthy), Francesca é quizais o máis irreal, o máis predicible, o máis utópico. Porén, cumpre acaidamente a súa función: o fio condutor d’*A viaxe de Gagarin* —como de tantas obras de Fernández Paz, especialmente as últimas— é a memoria (colectiva e individual), pois o narrador en primeira persoa lembra o mozo que foi. Francesca aparece, polo tanto, matizada pola peneira da idealización, pois que amor de adolescencia non está sublimado?

Mais desta interesante trama, zarrapicada de pequenas prolepses que crean unha pequena tensión no lectorado, o que verdadeiramente se impón é a coiadísima ambientación: ningún dato se descoida (dende os percorridos pola Coruña dos anos sesenta, ata as referencias a feitos históricos concretos, como o traslado dos nenos e nenas vascos a Francia durante a guerra, ou as referencias ao Tribunal de Orden Público) creando un microcosmos que permite refacer esta etapa na mente de quen a viviu ou recreando un tempo das que só temos imaxes dela a través do cinema, das fotografías, das series de televisión, das novelas e da memoria dos nosos. A iso sen dúbida contribúen todos os elementos culturais que

acompañan os datos contrastables: as cancións de The Mamma’s and the Pappa’s e de The Beatles, filmes como *Psicose*, de Hitchcock e *Centaurros do deserto*, de John Ford, ou a referencia ás coleccións de literatura popular (*western* e novela negra, fundamentalmente, na súa versión principalmente dirixida a público masculino; e novela rosa pensada en primeira instancia para as lectoras) e aos libros e autores prohibidos (Sartre e Camus entre eles).

A grandeza e a delicadeza da novela maniféstase xustamente nesas pequenas e fundamentais referencias, esas que fan soñar coa perfección. Boa proba disto é que unha das ficcións televisivas máis recoñecidas dos últimos tempos: *Mad Men*, de Matt Weiner, despidese a primeira parte da que será a súa derradeira tempada cun episodio, “Waterloo”, no que Neil Amstrong pisa á lúa e Don Draper e os seus miran abraídos tan singular fazaña, para rematar cantando “The Best Things in Life Are Free”. Nese momento, pensei que a miles de quilómetros da *Gran Mazá*, nese 20 de xullo, no verán húmido da vila de Pontedeume, un mozo chamado Miguel e unha moza chamada Francesca burlaran os impedimentos familiares para pasar unha noite que non esquecerían. Un pequeno paso para o home, un gran paso para humanidade amosado dende diferentes perspectivas e linguaxes, pero xenialmente artelladas. Velaquí a maxia de novelas como estas: en algún momento fanse tan reais que provocan o calafrío de saber que se estivo nun mundo que, en realidade, nunca se pisou ■ **Montse Pena**